Ten pensado o goberno galego regular os requisitos de seguridade e sanitarios que deben reunir todo tipo de espectáculos musicais en desenvolvemento da Lei de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e, de ser así, cando pensa proceder a dita regulación?

Santiago de Compostela, 5 de outubro 2021.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 05/10/2021 17:47:23

José Manuel Rey Varela na data 05/10/2021 17:47:42

María Sol Díaz Mouteira na data 05/10/2021 17:47:53

José Alberto Pazos Couñago na data 05/10/2021 17:48:12

Noelia Pérez López na data 05/10/2021 17:48:25

José Antonio Armada Pérez na data 05/10/2021 17:48:38

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Ana Belén García Vidal na data 05/10/2021 17:48:53

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Alberto Pazos Couñago, José Antonio Armada Pérez, Noelia Pérez López e Ana Belén García Vidal, abeiro do disposto No artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Diariamente todos somos coñecedores a través dos diversos medios de comunicación e das estatísticas oficiais do aumento de incidencias derivadas da desaparición de persoas, na maioría dos casos persoas maiores con algún tipo de enfermidade dexenerativa como alzheimer, demencia, etc.

Esta problemática vese agravada no caso de Galicia pola ampla dispersión da poboación- compre recordar que Galicia se atopan máis do 50% dos núcleos de poboación de toda España-, pola grande lonxevidade da poboación galega, e polo fenómeno xeralizado en toda España, do despoboamento dos núcleos rurais.

Estas mesmas circunstancias unidas á propia orografía e á paisaxe de Galicia dificultan, ás veces, a localización destas persoas, que, en algún caso, ten finalizado coa desagradable noticia do seu falemento.

Polo anteriormente exposto os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

Qué está a facer a Xunta de Galicia para dar un mellor servizo a poboación e minorar o impacto deste tipo de incidencias para que non acaben en traxedia?



Santiago de Compostela, 05 de outubro de 2021.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 05/10/2021 17:43:06

José Manuel Rey Varela na data 05/10/2021 17:43:29

María Sol Díaz Mouteira na data 05/10/2021 17:43:44

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



José Antonio Armada Pérez na data 05/10/2021 17:44:03

José Alberto Pazos Couñago na data 05/10/2021 17:44:28

Noelia Pérez López na data 05/10/2021 17:44:38

Ana Belén García Vidal na data 05/10/2021 17:44:49

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Alberto Pazos Couñago, José Antonio Armada Pérez, Noelia Pérez López e Ana Belén García Vidal, abeiro do disposto No artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Como consecuencia da Orde do Ministerio de Sanidade de 14 de agosto de 2020, mediante a que se aproba a declaración de actuacións coordinadas en saúde pública para responder ante a situación de especial risco derivada do incremento de casos positivos pola covid-19, os establecementos de lecer nocturno tiveron que pechar a súa actividade

En cumprimento da dita Orde do Ministerio de Sanidade, a Consellería de Sanidade declarou o peche dos establecementos de lecer nocturno en Galicia. O peche dos ditos establecementos tivo lugar desde o 15 de agosto de 2020 ata o 1 de xullo de 2021 en que se permitiu a súa reapertura.

Como consecuencia do dito peche, o colectivo afectado está a padecer graves prexuízos de carácter económico e social.

Para tentar paliar no posible estes graves prexuízos, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, aprobou, para tal efecto, a Orde do 26 de outubro de 2020, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva, para contribuír a sufragar os custos de alugamento dos establecementos de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan as subvencións para o ano 2020.

Malia o anterior, o sector considerou insuficiente esta liña de axudas xa que durante o exercicio 2021 continuaron pechados todo o primeiro semestre.



Por iso entendemos necesario un maior grao de compromiso co sector do lecer nocturno que é o maior prexudicado economicamente pola crise sanitaria e, dada a súa complicada situación, o grupo parlamentario popular presenta a seguinte

Polo anteriormente exposto os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais en comisión:

1. - Mantivo o goberno galego unha interlocución directa cos representantes do sector do lecer nocturno a través de reunións periódicas?
2. Qué balance fai a Xunta de Galicia sobre as axudas convocadas para este sector?

Santiago e Compostela, 5 de outubro 2021.



Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 05/10/2021 17:36:38

José Manuel Rey Varela na data 05/10/2021 17:36:51

María Sol Díaz Mouteira na data 05/10/2021 17:37:01

José Alberto Pazos Couñago na data 05/10/2021 17:37:18

José Antonio Armada Pérez na data 05/10/2021 17:37:28

Noelia Pérez López na data 05/10/2021 17:37:51

Ana Belén García Vidal na data 05/10/2021 17:38:02

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gpppgalicia](https://www.facebook.com/gpppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Alberto Pazos Couñago, José Antonio Armada Pérez, Noelia Pérez López e Ana Belén García Vidal, abeiro do disposto No artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

A modernización e profesionalización das administracións públicas é un dos principios básicos para acadar a mellor prestación dos servizos públicos aos cidadáns, e deste xeito, mellorar a súa calidade de vida.

Nos últimos anos temos asistido a un gran proceso de modernización en todos os ámbitos dos servizos públicos, tales como na sanidade, na educación, nas comunicacións, nas infraestruturas, e tamén, como non podía ser doutro xeito no mundo das emerxencias.

Esta modernización e profesionalización das emerxencias implica a dotación a estes servizos das últimas e novas tecnoloxías tanto de soporte ofimático, de vehículos e dos seus equipamentos, de comunicacións como na utilización de novos medios para mellor vixianza do territorio.

Neste sentido a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, a través da A Axencia Galega de Emerxencias ten constituído un Grupo de Apoio Loxístico á Intervención, que conta cunha unidade de drons, xa que este tipo de aeronaves pilotadas de xeito remoto son cada vez máis empregadas na intervención en Emerxencias.

Polo anteriormente exposto os Deputados asinantes formulan a seguinte pregunta

- Qué balance fai a Xunta de Galicia das actuacións levadas a cabo pola esta Unidade de apoio loxístico á intervención da Axencia Galega de Emerxencias ?

Santiago de Compostela, 5 de outubro 2021.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 05/10/2021 17:27:57

José Manuel Rey Varela na data 05/10/2021 17:28:11

María Sol Díaz Mouteira na data 05/10/2021 17:28:24

José Antonio Armada Pérez na data 05/10/2021 17:28:38

José Alberto Pazos Couñago na data 05/10/2021 17:28:58

Noelia Pérez López na data 05/10/2021 17:33:26

Ana Belén García Vidal na data 05/10/2021 17:33:39

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonzo, Carme González Iglesias e Daniel Pérez López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza continúa a vivir no mes de outubro a crise do prezo da luz. Neste contexto, mesmo o Operador do Mercado Eléctrico (OMIE) prevé que até o ano 2024 esta situación non mellore após a entrada cara finais de 2023 de meirande tecnoloxía renovábel.

Esta situación ten as súas causas profundas no sistema de conformación da tarifa eléctrica e de fixación do prezo, a través do coñecido como sistema marxinalita, polo cal as tecnoloxías máis caras son as que impoñen os prezos. Asemade, neste contexto, vemos agravado o problema pola crise do encarecemento dos combustíbeis fósiles e dos gravames asociados.

Diante do agravamento desta situación, o goberno central arbitrou diferentes medidas, fundamentalmente no ámbito impositivo e de forma transitoria, que non acaban de surtir efecto. Asemade, a proximidade do inverno e a recuperación da actividade económica nesta fase da pandemia fan prever importantes problemas de prezo e mesmo de xestión do subministro de cara ao inverno.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste sentido, o prezo das materias primas e as limitacións no acceso a materias primas, sinaladamente ao gas, está afectando a moitos estados, nomeadamente na China e tamén en Europa. No caso do Estado español esta situación vese gravada pola decisión de Marrocos de fechar o gasoduto do Magreb, o que poden levar a enfrontar problemas de subministro deste ben. Esta situación vese agravada porque na transición enerxética planificada polo goberno central, o gas é un elemento estratéxico. Polo tanto, a dificultade no seu abastecemento pode levar a tomar medidas para o respaldo do sistema que mesmo entran en contradición coa folla de ruta prevista de descarbonización.

Diante desta situación cambiante é necesario que os poderes públicos de Galiza manteñan vixilancia e unha actitude proactiva ante as diferentes evolucións que poidan darse nos próximos meses, tendo presente a necesidade de ter unha voz propia neste debate e tamén a necesidade de prever as plenas garantías da subministración eléctrica en Galiza.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª :

. Vai demandar o goberno galego ás institucións e organismos correspondentes que, previo os estudos correspondentes, tomen as medidas oportunas para garantir o subministro eléctrico en Galiza?

. Vai demandar ou demandou que isto se faga valorando todas as posibilidades de instalacións que estean en condicións de funcionamento?

. Desenvolveu ou vai desenvolver algún estudo propio ao respecto desde instrumentos como o INEGA?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Colaborou ou vai colaborar o goberno galego co sistema universitario galego para prever cales son as necesidades enerxéticas do noso país e como pode afectar esta crise?

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2021

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 06/10/2021 09:30:48

Ramón Fernández Alfonzo na data 06/10/2021 09:30:53

Daniel Pérez López na data 06/10/2021 09:31:00

María do Carme González Iglesias na data 06/10/2021 09:31:08



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O final do verán volve destruír empregos en Galicia, desta vez máis de 5.400 persoas en setembro, incrementándose o paro nun 1,18 %, en 1.790 persoas, evolución marcada, polo remate da temporada estival e das contratacións eventuais propias desta e que evidencian, unha vez máis, a forte precariedade, temporalidade e estacionalidade do mercado laboral galego.

Por outra banda esta evolución é contraria ó que sucede no resto do Estado onde o paro baixa nun 2,28 %, en 76.113 persoas, cun aumento de 57.387 afiliacións á Seguridade Social

Interanualmente, o paro baixa en ambos contextos dun xeito similar, nun 13,32 % en Galicia e nun 13,73 % no Estado. Pero para realizar unha comparativa real teríamos que analizar as baixas por non renovación que se producen en Galicia e non no resto do estado.

O número total de persoas desempregadas en Galicia no mes de setembro de 2021 sitúase en 153.054.

En canto aos máis mozos e mozas, os e as menores de 25 anos, o paro medra dun xeito moi acusado nun 10,8 %, por enriba do resto de idades.

Por sexos, o desemprego aumenta dun xeito máis acusado entre as mulleres, nun 1,6 % e nun 0,6 % entre os homes. Aquí amósase como as mulleres soportan un maior grado de terciarización na súa ocupación, sufrindo máis a estacionalidade e precariedade. No ano, a contracción do desemprego beneficia máis ós homes, cunha caída do 16,11 %, que no caso das mulleres baixa ata o 11,29 %.

En termos estruturais, as mulleres representan o 59,2 % do total do desemprego en Galicia, 90.678 mulleres en paro, fronte a 62.376 homes.



Por sectores, o paro aumenta nos servizos, nun 1,86 %, e entre o colectivo de sen emprego anterior, nun 1,77 %.

En termos provinciais, todos os territorios teñen a mesma evolución, destacando o forte aumento no mes na provincia de Lugo, cun 3,9 % máis de desemprego. Na que menor aumento se dá é na de Pontevedra, un 0,1 %.

En termos de contratación, en setembro realizáronse 96.615 contratos pero tan só o 8,71 % foron indefinidos.

Denunciaba UGT-Galicia o forte peso da contratación temporal porque, ademais, obsérvase que o groso dos movementos danse nesta modalidade.

A afiliación á Seguridade Social sitúase en Galicia en 1.034.229, caendo no mes nun 0,5 %, cando no resto do Estado aumenta nun 0,29 %.

A taxa de cobertura en agosto 2021 por desemprego (último dato dispoñible) sitúase no 62,8 %. As persoas beneficiarias de prestacións de desemprego son 87.594. Destas, 40.844, o 46,6 %, son persoas beneficiarias de prestacións contributivas, o resto, dependen de prestacións de carácter asistencial, moito máis desfavorables.

No relativo ós ERTE, remata setembro con 9.842 persoas en ERTE, 6.330 deles a xornada completa .

E insiste este grupo parlamentario na crítica a decisión da Consellería de Traballo de non continuar en xaneiro do presente ano coa renovación automática da demanda. Non se tivo en conta o que puidera pasar coa pandemia, nin os riscos a que se puideran someter ás persoas desempregadas. Todo elo era menos importante coa propaganda que se podería facer. No mes de xaneiro é cando se produce o pico máis alto de novos casos de Covid-19: a cifra de novas infeccións chega ata 34.448 persoas. Xusto acádase o pico máis alto no momento en que se volve á renovación da demanda polas propias persoas demandantes. Nesa situación da pandemia, no primeiro semestre de 2021 producíronse 88.214 baixas por non renovación, un 60 % máis que en 2019 e un 56 % máis coa media dos tres últimos anos nos que houbo obriga de renovación da demanda, de 2017 a 2019.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno galego de que en Galicia suba o paro nun setembro de caída récord en España?
2. Que valoración fai o Goberno galego do forte peso da contratación temporal en Galicia?
3. Que medidas pensa adoptar ao respecto?
4. En relación ao aumento do desemprego, de xeito máis acusado entre as mulleres que entre os homes, pensa realizar algunha actuación de forma inmediata?
5. E sobre a precarización e estacionalidade que caracteriza o mercado laboral na nosa comunidade, fixo o Goberno galego un estudo que analice as causas e medidas a adoptar?
6. Que medidas inmediatas vai a adoptar a Consellería de Emprego en relación a precarización, temporalidade e estacionalidade que caracteriza o noso mercado laboral?
7. Pensa reforzar o Servicio Público de Emprego en relación cos medios humanos necesarios para realizar os itinerarios personalizados de inserción ou pola contra vai prescindir de persoal?

Pazo do Parlamento, 6 de outubro do 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta

Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 06/10/2021 09:42:39

Julio Torrado Quintela na data 06/10/2021 09:42:49

Marina Ortega Otero na data 06/10/2021 09:42:56



Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Miguel Tellado Filgueira, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego** sobre o balance do inicio do curso 2021-2022 nas escolas infantís de Galicia.

O pasado luns 6 de setembro deu comezo o novo curso nas escolas infantís 0-3 de titularidade autonómica, aos que asisten uns 8.000 nenas e nenos de 0 a 3 anos, cun incremento na matrícula do 3% respecto ao curso pasado. En total, Galicia conta con máis de 25.000 prazas en escolas infantís para os máis pequenos.

Se o curso 2020-21 foi un 100% seguro para os máis pequenos, este que xa botou a andar é o curso da volta á normalidade logo da aparición da covid-19, mantendo as precaucións e adaptando os protocolos á situación actual.

Pero tamén será o terceiro curso consecutivo en que as nenas e nenos que sexan segundos fillos ou seguintes acoden gratis ás escolas infantís, unha medida pioneira en España que a Xunta está a aplicar en todas as escolas de Galicia sen que importe a súa titularidade, para que os pais escollan a escola que prefiran. Esta medida aplícase con independencia da idade do primeiro irmán, é dicir, non teñen que coincidir na escola infantil ambos irmáns.

Deste xeito, máis de 10.000 familias beneficiáronse no curso pasado desta medida, que lles permite pagar 0 euros pola matrícula e a atención educativa dos seus fillos.



Có obxectivo de continuar garantindo a normalidade e seguir prestándolles ás familias un servizo de conciliación fundamental, o Goberno galego adaptou o protocolo actual ao novo escenario que estamos a vivir, no que a maior parte da poboación xa está vacinada e no que o coñecemento sobre o virus é maior. Un protocolo avalado polo Comité Clínico que asesora á Xunta e realizado coa colaboración das propias escolas e a experiencia positiva do curso 2020-21, no que a incidencia foi moi reducida e en todo momento o 99% dos centros permaneceron abertos.

Entre as novidades deste protocolo atópase a posibilidade de deixar o carriño dentro da escola, que os máis pequenos poidan empregar o calzado que traen de casa ou que poidan coincidir varias unidades estables de convivencia no exterior.

Ademais, hai outras medidas que se manterán como a ventilación de espazos, a desinfección de mans ou o uso máscaras para os profesionais.

Os profesionais non terán que realizar a enquisa de autoavaliación, non será necesario que se fagan entradas e saídas graduadas do persoal, permitiranse as actividades grupais na escola e as asociacións de nais e pais de alumnos poderán realizar reunións no centro, sempre que se produzan fóra do horario de atención educativa.

Por todo isto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que balance fai o Goberno galego deste inicio do curso nas escolas infantís de Galicia?

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2021



Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 06/10/2021 10:24:13

María Encarnación Amigo Díaz na data 06/10/2021 10:24:28

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 06/10/2021 10:24:53

Noelia Pérez López na data 06/10/2021 10:25:06

María Corina Porro Martínez na data 06/10/2021 10:25:22

María Elena Suárez Sarmiento na data 06/10/2021 10:25:36

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 06/10/2021 10:25:53

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Miguel Tellado Filgueira, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego** sobre o balance do programa “Vacacións en familia 2021”.

Un dos obxectivos do Goberno galego é axudar ás familias a desenvolver o seu proxecto de vida. Con este obxectivo, a Xunta de Galicia pon cada ano a disposición das familias as residencias de tempo libre do Carballiño e Panxón para que podan desfrutar dunhas vacacións estivais diferentes.

Aínda que no ano 2020 estas residencias permaneceron pechadas por mor da pandemia, neste 2021 o Goberno galego optou por reabrilas para que as familias galegas puideran utilizalas. Deste xeito, máis de 800 persoas gozaron este verán dunhas vacacións en familia.

Grazas á evolución positiva da situación epidemiolóxica e ao avance no proceso de vacinación rexistrado nestes últimos meses, foi posible ofrecer este servizo coas máximas garantías de seguridade para as persoas usuarias.

Deste xeito e co fin de permitir a convivencia das distintas familias en condicións de total seguridade, o número de prazas dos usuarios nas distintas quendas reduciuse sensiblemente.



Así, as residencias de Panxón e Carballiño -que viñan ofertando un total de 185 e 162 prazas, respectivamente- contaron en cada quenda con 90 prazas no caso de Panxón e 75 prazas no Carballiño.

Por outra banda e tendo en conta a redución no número de prazas en cada quenda, establecéronse quendas máis curtas (de seis días) para as estadías nas residencias, co fin de asegurar unha maior rotación das familias, o que permitiu que se beneficiaran un maior número de usuarios.

Outra das novidades é que este ano en que houbo catro colectivos que tiveron preferencia en todas as quendas:

- o Familias numerosas
- o Familias monoparentais
- o Familias de acollemento
- o Víctimas de violencia de xénero

Ata agora estes colectivos tiñan preferencia en quendas específicas, pero pasaron a tela en todas as quendas. O obxectivo non foi outro que permitir que estas familias puideran optar a aquelas quendas que resultaban máis axeitadas para elas, permitíndolle adaptar o goce das súas vacacións á súa vida persoal e laboral, tendo en conta as súas circunstancias familiares.

Por todo isto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é o balance que fai a Consellería de Política Social do programa “Vacacións en Familia 2021”?



Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2021

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 06/10/2021 10:29:12

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



María Encarnación Amigo Díaz na data 06/10/2021 10:29:25

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 06/10/2021 10:29:46

Noelia Pérez López na data 06/10/2021 10:29:57

María Corina Porro Martínez na data 06/10/2021 10:30:14

María Elena Suárez Sarmiento na data 06/10/2021 10:30:27

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 06/10/2021 10:30:43

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

A subida da luz pon contra as cordas a economía das familias, a rendibilidade de empresas, dos autónomos, da industria e de todas aquelas empresas con influencia do consumo da luz, entre as que se inclúen as empresas do sector mar-industria, concretamente empresas de transformación de produtos pesqueiros e de acuicultura, xa que dependen da enerxía eléctrica en todos os seus procesos.

A gravísima afección que teñen coa subida enerxética e a inflación xerada únese á xa complicada situación provocada pola pandemia, nun momento no que é preciso impulsar a recuperación social e económica tras os efectos da covid 19.

Se o Goberno do Estado non toma medidas urxentes, desaparecerán moitas pequenas e medianas empresas, ademais de poñer en risco milleiros de postos de traballo.

Así, a Comisión Europea vén de dicir que existe marxe de manobra para intervir ante o forte incremento da factura eléctrica, poñendo en práctica algunhas medidas compensatorias.

O Goberno galego, concretamente a Consellería do Mar a través de distintas ordes de axudas destinadas a empresas de transformación e de acuicultura, subvenciona proxectos de mellora da eficiencia enerxética cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP).

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Ten previsto o Goberno galego manter as axudas destinadas ás empresas de transformación e de acuicultura, para subvencionar proxectos de mellora da eficiencia enerxética a través do novo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMPA)?

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 06/10/2021 10:48:57

José Manuel Balseiro Orol na data 06/10/2021 10:49:11

Ana Belén García Vidal na data 06/10/2021 10:49:25

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Manuel Santos Costa na data 06/10/2021 10:49:37

José Alberto Pazos Couñago na data 06/10/2021 10:49:48

María Elena Suárez Sarmiento na data 06/10/2021 10:50:00

Daniel Vega Pérez na data 06/10/2021 10:50:18

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Manuel Lourenzo Sobral e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a autorización ao IES Aquis Querquernis de Bande a impartir as materias escollidas polo alumnado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Resolución de 17 de xuño de 2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional da Xunta de Galiza pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22, exige a inscrición de, cando menos 5 alumnos/as, para que se poda impartir nos centros do medio rural determinadas materias troncais ou específicas.

Certamente os rateos establecidos non son moi diferentes aos que estaban vixentes ate o de agora, mais cunha transcendental diferenza, como era o feito de admitir excepcións para o caso de que existira persoal docente con dispoñibilidade horaria para impartir esas materias no centro. É dicir, malia que o número de alumnos que optasen por unha materia determinada fose inferior a 5, se existían medios para dar satisfacción á vontade ou vocación dx alumnx, podería autorizarse impartir a materia escollida.

Certamente non é ate o vencemento do prazo de matrícula -entrado o mes de setembro- cando os centros primeiro e logo o alumnado poden coñecer o número de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

escolares que escollen unha materia concreta e xa que logo as ensinanzas a impartir nese concreto centro.

E por iso que non foi ate o mes de setembro cando o alumnado interesado tivo coñecemento da postura inxustificadamente inflexible da Xunta de Galiza e, xa que logo, da imposibilidade de cursar a materia escollida no seu centro.

Esta nova restrición de dereitos das persoas de contido netamente ideolóxico - primar principios economicistas sobre o reequilibrio territorial e os dereitos das persoas -, mais colateralmente está a prexudicar a cidadanía sen aforro de recursos algún. Así, existen centros, fundamentalmente localizados no medio rural, mais non exclusivamente, no que existe persoal capacitado para a impartir as materias e con dispoñibilidade horaria para facelo, a pesares do que a Xunta de Galiza esta a negar tal posibilidade aos alumnos/as.

Tendo en conta tanto o asentamento da poboación como o precario das comunicacións e posibilidades de transporte e comunicación no medio rural, así como o inicio do curso escolar provocan que dependendo de onde residan (e por suposto tamén das súas circunstancias económicas e sociais) podan aspirar a cursar ou non as materias da súa elección. Estudos que tamén condicionará as súas posibilidades de cursar no futuro os estudos universitarios que desexen. Circunstancia xa acontecida a alumnas do propio centro Aquis Quequernis no que a limitación de oferta académica ten impedido, de facto, capacitarse para o exercicio da súa vocación.

O anteriormente descrito é o caso que se esta a producir, entre outros moitos centros, no IES Aquis Querquernis de Bande onde se está denegar ao alumnado a posibilidade de cursar as materias da súa elección, a pesares de existir profesorado capacitado para facelo e con dispoñibilidade horaria para prestala.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Considera a Xunta de Galiza que impedir ao alumnado cursar as materias da súa elección pode condicionar o acceso á carreira universitaria da súa elección?

. Entende o Goberno Galego que resulta eficaz e eficiente impedir impartir aulas a profesorado que, estando capacitado, ten dispoñibilidade horaria?

. A denegación da autorización para impartir as materias escollidas polo alumnado, impedindo estudar as materias da súa elección ou obrigándolles a abandonar o seu centro de estudos do seu concello, contribúe ao reequilibrio territorial e a evitar o abandono da poboación no medio rural?

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 06/10/2021 13:53:55





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 06/10/2021 13:53:59

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 06/10/2021 13:54:08



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

Arredor dun millón e medio de persoas viven en Galicia nas 7 áreas urbanas de Coruña, Vigo, Santiago, Ourense, Lugo, Ferrol e Pontevedra. Isto representa máis da metade da poboación de Galicia e vai en aumento, en liña co que sucede no resto do mundo, onde se agarda que a porcentaxe da poboación que vivirá en cidades no ano 2050 será do 68 %.

O cambio climático estase intensificando e vai aumentar a frecuencia e gravidade dos episodios de calor extrema, inundacións, secas e incendios forestais, perigos que poden afectar dun xeito especial ás áreas urbanas.

Por outra banda, as actuacións medioambientais teñen un efecto especialmente intenso nas áreas urbanas debido precisamente á súa densidade de poboación, que permite que moitas persoas compartan recursos e se beneficien de infraestruturas de todo tipo, espazos verdes, etc. O escenario urbano ten tamén unha enorme importancia desde o punto de vista ecolóxico na medida en que nel se concentra o maior volume de emisións, consumo de enerxía, auga, xeración de residuos, etc.

Tamén hai que ter en conta que a poboación urbana se concentra na costa, nunha porcentaxe que no mundo é de arredor do 90 % e que en Galicia amosa o feito de que 4 das sete cidades, e as dúas máis poboadas, están na costa, que será o escenario máis afectado pola elevación do nivel do mar asociada ao cambio climático.

Por iso é un feito non discutido que as accións e políticas públicas tendentes a mellorar a ecoloxía urbana son estratéxicas e esenciais e especialmente efectivas para facer fronte non só ao cambio climático, senón ao colapso global dos ecosistemas e á mellora da calidade de vida da maior parte da humanidade.

Nesa liña, a renaturalización das cidades de Galicia é unha materia pendente nas políticas da Xunta de Galicia, que se con carácter xeral están definidas pola súa escaseza de ambición cando non aberto o negacionismo é un abundante ecopostureo ou *greenwashing*, no caso das cidades de Galicia o problema faise aínda máis acusado ante o escapismo competencial dun goberno de Galicia que



dá as costas ao escenario urbano alleo ao seu control, a pesar de que as competencias en materia medioambiental da Xunta esténdense a toda Galicia, con independencia do seu carácter urbano ou rural.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten a Xunta de Galicia algún plan específico para mellorar o estado ecolóxico das áreas urbanas de Galicia nas que vive máis da metade da nosa poboación?

2ª) Cales son as accións e medidas que está levando a cabo a Xunta de Galicia en materia medioambiental nas áreas urbanas de Galicia nas que vive máis da metade da nosa poboación?

Pazo do Parlamento, 6 de outubro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/10/2021 18:31:06

Paloma Castro Rey na data 06/10/2021 18:31:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o desenvolvemento normativo da LOMLOE en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos primeiros días do 2021 entrou en vigor Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOMLOE).

Esta lei orgánica, da que o BNG xa realizou no seu momento a súa valoración (tanto neste Parlamento coma noutros ámbitos) implica importantes cambios a respecto da lexislación educativa que tiñamos até o de agora.

Coma en calquera proceso de aplicación dunha lei orgánica de educación, cómpre agora á administración galega proceder ao desenvolvemento normativo dos diferentes eidos normativos que son competencia de Galiza.

Neste sentido, aspectos centrais para a a vida académica do noso país, como poden ser (entre moitos outros) a elaboración dos currículos académicos terán que ser desenvolvidos en boa medida pola Xunta de Galiza.

Neste sentido compre destacar, que a LOMLOE (alén de eivas importantes, que dende o BNG entendemos que as ten) establece que lle corresponde á Xunta a





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

elaboración do 50% do currículo académico, ademais do desenvolvemento doutras normativas de grande impacto na comunidade educativa.

Dende o BNG entendemos que, para garantir que este corpus normativo poida ter o maior dos éxitos na vida académica, é preciso un proceso de diálogo e negociación coa comunidade educativa que permita acadar consensos, tanto no desenvolvemento curricular como na elaboración de toda a normativa derivada da aplicación da LOMLOE.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª :

. Vai á Xunta de Galiza crear un grupo de traballo coa comunidade educativa no que estean presentes todos os axentes (Anpas, sindicatos, estudantes) para acordar o desenvolvemento normativo da LOMLOE?

. Vai a Xunta de Galiza contemplar a realidade galega e as necesidades do noso país no desenvolvemento normativo da LOMLOE?

. Vai o goberno galego dialogar cos diferentes grupos desta cámara para chegar a acordos nos diferentes textos normativos derivados da aplicación da LOMLOE?

. Con que organizacións da comunidade educativa, representantes do profesorado, anpas e organizacións estudantís ten pensado dialogar o goberno galego para analizar e acordar o desenvolvemento normativo da LOMLOE?

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Manuel Lourenzo Sobral

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 07/10/2021 15:56:51

Mercedes Queixas Zas na data 07/10/2021 15:56:57

Daniel Castro García na data 07/10/2021 15:57:05



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

A banda marrón e vermella do pino, como xa defendemos na proposición non de lei con número de rexistro 16883, presentada en xuño de 2021 é un fungo que debilita as coníferas e que lle pode causar a morte, entrou en Galicia por concellos do oriente de Lugo como A Fonsagrada ou Baleira. A chegada desta enfermidade as masas galegas do pino insigne (*Pinus radiata*) próximas a Asturias era previsible, pois o occidente da comunidade veciña rexistra unha incidencia en aumento dos fungos dende 2018, cando tamén o problema das bandas marróns e vermella explotou no País Vasco.

A entrada en Galicia das chamadas banda marrón e vermella do pino é un motivo de preocupación para as propietarias forestais, pois o fungo pode afectar a masas de pino insigne e ademais a ameaza do fungo desincentiva as plantacións de pino insigne, a especie máis susceptible a enfermidade e que en Lugo é a principal conífera. Menos susceptible é o piñeiro do país (*Pinus pinaster*), a conífera dominante en Galicia, en tanto nas zonas de alta montaña o pino silvestre, se considera resistente á enfermidade mentres que o *Pinus nigra salzmannii* var. *Corsicana*, (Piñeiro de Corcega o corsicana) si se ve afectado.

As zonas máis afectadas sitúanse polo momento nas partes altas dos montes, por riba dos 600 metros, como A Bacariza ou A Fontaneira (Baleira).

Existe a posibilidade de tratamentos terrestres con produtos fitosanitarios, e as **condicións de realización dos tratamentos e áreas de exclusión é a seguinte:**

Todo tratamento terrestre deberá cumprir o autorizado expresamente pola Resolución da Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agropecuaria, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do 22 de abril de 2021, que excepcionalmente autoriza a comercialización e uso en aplicación terrestre de produtos fitosanitarios formulados a base **de óxido cuproso 75 por cento [GT] p / porcentaxe peso de soluto/peso dunha solución** contra enfermidades criptogámicas defoliadoras en coníferas de montes e que modifica a resolución do



19 de febreiro de 2021, e os efectos da autorización dende o 1 de abril de 2021 ao 29 de xullo de 2021 son:

1. En relación cos produtos fitosanitarios e as condicións de uso dos mesmos:
 1. Produtos fitosanitarios de formulacións a base de óxido cuproso, ou de estrato de tomiño.
 2. O período para a realización dos tratamentos será entre o 1 de abril de 2021 e o 29 de xullo de 2021.
 2. Zonas de exclusión das superficies a tratar:
Ríos e regatos, coas súas áreas de influencia.
Áreas naturais protexidas:.
Parcelas de agricultura ecolóxica: e a súa área de influencia.
Núcleos e edificacións urbanos: e as súas áreas de influencia

En relación as recomendacións e medidas :

- Establecemento de medidas culturais co fin de promover o vigor das plantas. É fundamental a aireación das masas, eliminación dos restos de poda e realización de claras. Estas medidas favorecen o vigor das árbores como tamén é recomendable aumentar o marco de plantación, co que se incrementa a circulación de aire, retense menos humidade e estas enfermidades non se ven favorecidas.
- Recoller semente de plantacións sans.
- Limpar as ferramentas que se vaian a utilizar.
- Eliminar material enfermo.

É de resaltar que despois do establecido na Orde do 22 de abril de 2021 só se autoriza a utilización de óxido cuproso ata o 29 de xullo de 2021.

Temos constancia que as actuacións que se están a levar a cabo as realiza a Fundación Arume, en colaboración coa Consellería de Medio Rural, sen coste para as persoas propietarias. Son as persoas interesadas as que teñen que contactar coa Fundación para solicitar a aplicación dos tratamentos. Sen que nos conste, tal como se afirmaba polo Grupo Popular na Comisión 7.^a, de que o Goberno galego sacaría unha orde específica de axudas para tratamentos contra esta praga.



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. A que orde se poden acoller as persoas propietarias forestais para realizar nos seus montes tratamentos contra o mal marrón, ou exclusivamente se poden acoller ás actuacións que realiza a Fundación Arume?
2. Realizaron algunha actuación ou actualización para modificar a Orde do 9 de febreiro de 2021 pola que se modifica o anexo I da Orde do 19 de maio de 2014 pola que se establecen os modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas forestais para os distritos forestais de Galicia?
3. De que forma a Administración vai apoiar ás persoas particulares para que realicen os tratamentos silvícolas apropiados para mitigar esta enfermidade? Ten previsto establecer algunha axuda propia para esta situación?
4. Ten previsto a Administración facer ensaios con novas especies a engadir aos modelos selvícolas que sexan máis resistentes a esta enfermidade e ás novas condicións climáticas que se están producindo con secuencia do cambio climático?
5. Se o criterio elixido pola Fundación Arume é, exclusivamente, que as masas afectadas formen unha superficie próxima a 10 hectáreas para realizar os tratamentos nos montes de particulares? Que inspección sobre os mesmos realizou a Administración forestal? Quen as realiza: os distritos forestais, os servizos provinciais ou os servizos centrais?
Unha realidade limitadora que contrasta co lema difundido pola propia Xunta de Galiza: “A cultura é segura”.

Desde o BNG entendemos que non se está a atender a cultura galega, limitando de forma discriminatoria a súa exposición ao público, negando á sociedade o acceso á cultura como un dereito e infravalorando o retorno económico da actividade cultural, un sector que, por certo, foi o primeiro en recibir o impacto da pandemia e o último en poder recuperar a normalidade do seu traballo.

Neste momento, pódese afirmar que Galiza conta co maior nivel de restricións a respecto da cabida en espazos culturais malia ter os mellores datos de evolución da pandemia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Por que, malia a boa evolución da pandemia, non se amplía a cabida nos diferentes espazos culturais?

. Por que se segue mantendo nestes espazos a distancia obrigada de 1,5 metros cando xa non se mantén noutros espazos de encontro social?

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 04/10/2021 09:22:19

Daniel Castro García na data 04/10/2021 09:22:23

Mercedes Queixas Zas na data 04/10/2021 09:22:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as medidas a tomar para garantir a atención @s nen@s con necesidade de apoio educativo no CEIP Rosalía de Castro de Carril.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comunidade educativa do CEIP Rosalía de Castro de Carril, no concello de Vilagarcía de Arousa, denuncia que o centro conta cunha dotación moi insuficiente de persoal para atender as necesidades de apoio educativo existentes no mesmo, xa que só conta cunha profesional de AL, e outra de PT, e unha auxiliar técnica educativa (coidadora).

Neste curso escolar 2020-2021 no mesmo hai escolarizados seis nen@s con necesidades de apoio e coidado en diferente grado, xa que están cinco están afectad@s por discapacidades físicas, psíquicas, sensoriais e unha de necesidade de atención sanitaria por ser insulín dependente. Nen@s con dificultades para adaptarse a un entorno e persoas novas, que precisan supervisión e apoio constante para desenvolver as actividades básicas ou por risco de caídas, autolesións...

Tres d@s nen@s con discapacidade recoñecida do 33%, 36% e 34% están escolarizad@s nunha aula de infantil con outros 19 nen@s. Outro dos nenos con síndrome de Down, con patoloxías asociadas que precisan atención constante, ten unha discapacidade recoñecida do 75% , comparte aula con 22 nen@s máis.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A estes catro nen@s hai que engadir outros dous en primaria con discapacidade recoñecida e unha nena insulinodepente por diabetes tipo I que precisa controis de glucemia.

A situación descrita pon en evidencia a insuficiencia de profesionais para garantir tanto a axeitada atención para @s nen@s con necesidade de apoio como para que esta atención non afecte ao resto do alumnado. Unha mostra é que o neno con síndrome de Down pasou de ter asignadas no curso pasado 3 horas de AL e 3 de PT a ter reducido as mesmas á metade.

A Lei Orgánica de Educación establece que as administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, asegurando os recursos necesarios para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria poida acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral para todas as alumnas e alumnos. Igualmente, dispónse que as administracións educativas establecerán os procedementos tendo como principios a normalización e a inclusión, e que, para facer efectivo o principio de igualdade no dereito á educación, desenvolverán accións de carácter compensatorio en relación coas persoas, grupos e ámbitos territoriais que se encontren en situacións desfavorables, tratando de evitar as desigualdades derivadas de factores sociais, económicos, culturais...

Os déficits existentes no CEIP de Carril mostra que se está lonxe dunha correcta atención á diversidade que por dereito lle corresponde aos alumnos e alumnas. A Consellería de educación non está poñendo nin os medios, nin os recursos, nin os procedementos necesarios para facer efectivo o principio de igualdade e normalizar o principio de inclusión, non se está a respectar o Dereito á Educación Inclusiva, xa que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sen os recursos e dotacións necesarias de profesionais de apoio que faciliten a aprendizaxe e a superación das dificultades que a diversidade trae consigo non é posíbel.

Especialistas en Pedagogía Terapéutica, en Audición e Linguaxe, ou de Coidadores e Coidadoras son básicas para a correcta atención da diferenza, e un ensino inclusivo e de calidade, e por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Vai garantir A Xunta de Galiza o dereito a unha educación inclusiva d@s seis nen@s con necesidade de apoio no CEIP de Carril, no concello de Vilagarcía, dotando ao centro de como mínimo unha coidadora máis e reforzando as especialidades de Pedagogía terapéutica,PT, e Audición e Linguaxe,AL?

. Coida que está garantindo unha correcta escolarización aos seis nen@s con necesidade de apoio no CEIP de Carril?

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 04/10/2021 09:43:49

María Montserrat Prado Cores na data 04/10/2021 09:43:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa a coñecer as accións realizadas pola Xunta para efectivizar o acordo que solicita a transferencia das competencias en materia de saúde penitenciaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, celebrada o 24 de xuño 2021 aprobouse por unanimidade o seguinte acordo:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que solicite do Goberno do Estado:

1.- O traspaso das competencias en materia de saúde penitenciaria á Xunta de Galicia para a súa asunción polo Servizo Galego de Saúde, de conformidade co establecido na disposición adicional 6ª da Lei de Cohesión do Sistema Nacional de Saúde 16/2003 de 28 de maio, de xeito que a atención a este colectivo se realice na rede sanitaria pública galega. Esta transferencia debe estar acompañada dos medios humanos, económicos, e materiais necesarios, atendendo á suficiencia dinámica para a prestación do correspondente servizo; así como da compensación da débeda contraída polo Ministerio de Interior co Sergas.»

É preciso que non haxa máis demora neste traspaso de competencias, a integración dos servizos sanitarios dependentes de Institucións Penitenciarias no





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Servizo Galego de Saúde non é unha mera cuestión de distribución de competencias, trátase de mellorar a saúde das persoas presas e é recomendada por diversas disposicións internacionais. A transferencia tería efectos beneficiosos sobre a saúde da poboación reclusa.

En xeral as persoas presas adoitan ter unha saúde máis precaria que o resto da poboación, debido fundamentalmente á falta de servizos sanitarios de calidade, de probas diagnósticas rápidas e de tratamentos axeitados. Sen eses recursos, nas prisións moitas doenzas convértense en crónicas e ás veces terminan coa coa vida das persoas reclusas.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que accións ten realizado a Xunta de Galiza para facer efectivo o acordo unánime da comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, celebrada o 24 de xuño 2021, demandando o traspaso das competencias en materia de saúde penitenciaria á Xunta de Galiza para a súa asunción polo Servizo Galego de Saúde?

. Tense reunido a comisión para activar a transferencia?

. Hai algún cronograma para a efectivización da mesma? Cal é?

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 04/10/2021 10:06:37

Iria Carreira Pazos na data 04/10/2021 10:06:41

María Montserrat Prado Cores na data 04/10/2021 10:07:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz e Daniel Castro García, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellería do Medio Rural marcouse como obxectivo, no ano 2017, rematar 130 procesos de concentración parcelaria en vigor espallados por toda Galiza nos catro anos da pasada X Lexislatura, e iniciar o proceso de reestruturación e posta en valor da terra en novas áreas.

Para potenciar os procesos de reestruturación parcelaria, a Consellería anunciara que ía aportar arredor de 20 millóns anuais ata o 2020.

Segundo a consellería, esta dotación permitirá facer os camiños principais e secundarios, acondicionar as novas leiras e avanzar nas distintas fases administrativas.

Na actualidade hai dous procesos de concentración parcelaria no concello de Mondoñedo, un na parroquia de Sasdónigas, declarado de utilidade pública no ano 1967 e que afecta a 252 propietarios, e outro denominado Zona Norte, declarado de utilidade pública no 1991 nas parroquias de Masma, Vilamor e Couboeira e que afecta a 761 propietarios.

Ámbalas dúas concentracións teñen superada xa a fase de aprobación do acordo de reestruturación parcelaria e só faltaría a entrega das Actas de Reorganización da Propiedade.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O artigo 60 da Lei 4/ 2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia indica que, *“unha vez aprobadas as bases de reestruturación parcelaria, a dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, por proposta do servizo provincial correspondente, aprobará un plan de obras que reflectirá todas as actuacións en infraestruturas rurais colectivas indispensables para a reestruturación parcelaria”*.

Estarán incluídas no plan as obras de acondicionamento e mellora da estrutura dos novos predios a eliminación de accidentes naturais ou artificiais que impidan ou dificulten o cultivo acaído dos predios de substitución, o saneamento de terras, as nivelacións e outros traballos de conservación do solo e, en xeral, calquera actuación que mellore a viabilidade do predio para o seu cultivo.

Na concentración de Sasdónigas non existe ningún proxecto de acondicionamento de parcelas, e en relación á concentración parcelaria da Zona Norte, no ano 2012 fíxose un proxecto de acondicionamento porque o persoal técnico da Consellería considerou que era necesario, pero segundo as informacións que ten o noso grupo, estas melloras non se van levar a cabo e vanse entregar as actas de reorganización da propiedade sen executar o proxecto de acondicionamento.

En base ao exposto, e tendo en conta a importante actividade agraria nas zonas de concentración afectadas, que hai explotacións agrarias prexudicadas por non poderen facer uso debido das parcelas e que en todo este tempo transcorrido, desde que os veciños propuxeran as melloras dos predios ata agora, moitos propietarios xa acondicionaron as novas parcelas de substitución pola súa conta, formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cal é a razón que leva á Consellería de Medio Rural a esta demora e abandono dos procesos de Reestruturación da Propiedade na parroquia de Sasdónigas e nas da Zona Norte de Mondoñedo?

. Que medidas pensa tomar nun prazo inmediato?

. Pensa depurar responsabilidades nestes retrasos inxustificables e neste pretendido irregular remate do proceso?

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Daniel Castro García

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 04/10/2021 10:26:48

Xosé Luis Rivas Cruz na data 04/10/2021 10:26:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á necesidade de prestar de xeito directo pola Xunta de Galiza do Servizo de Transporte Sanitario Terrestre.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O BNG ten presentado múltiple iniciativas no Parlamento Galego referidas á situación do servizo de transporte sanitario terrestre, tanto no referido á insuficiencia dos recursos existentes, tanto técnicos como de vehículos e persoal, como ás deficiencias na prestación ou á situación laboral dos/as traballadores/as.

Dentro do sistema sanitario o Servizo de Transporte Sanitario Terrestre de doentes, tanto urxente como programado, ten un papel esencial, e como tal, debería estar perfectamente inserido no mesmo e contar cos recursos e persoal preciso para prestar unha atención sanitaria de calidade, mais esa non é a realidade.

Debería ser un obxectivo prioritario, para o Goberno galego e para a consellaría de sanidade, mais a realidade vai na dirección contraria, a Xunta de Galiza opta por un modelo de xestión que mercantiliza a saúde, significa recortes na prestación e nas condicións laborais dos/as traballadores/as. Foi deteriorando o servizo, con todas as decisións que foi tomando, de xeito que son habituais as denuncias de irregularidades na prestación do servizo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ao igual que no resto da sanidade se neste momento os usuarios e usuarias non perciben con maior intensidade este deterioro non é pola estrutura deseñada pola Xunta de Galiza, senón pola profesionalidade dos traballadores e das traballadoras.

Na actualidade a prestación do servizo de transporte sanitario terrestre está privatizado, a través de diferentes concursos. O BNG considera que como servizo esencial non pode estar en mans de empresas privadas, que teñen como obxectivo acadar beneficios, defendemos a necesidade de que o mesmo se realice mediante a prestación directa por parte da Xunta, na xestión, na provisión e na titularidade.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Vai o Goberno galego asumir a súa responsabilidade de prestar unha atención de calidade e iniciar o proceso para prestar o servizo de Transporte Sanitario Terrestre de forma directa na xestión, na provisión e na titularidade?

. Que modelo de transporte sanitario terrestre defende o Goberno galego?

. Considera a Xunta de Galiza que nas condicións actuais do servizo de transporte sanitario terrestre lle está prestando unha atención de calidade as/os galegas/os?

. Que medidas vai tomar para mellorar a prestación do servizo?

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 04/10/2021 11:45:31

Olalla Rodil Fernández na data 04/10/2021 11:45:45

María Montserrat Prado Cores na data 04/10/2021 11:46:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A posta en marcha do Plan de Transporte de Viaxeiros por Estrada, establecido pola Xunta de Galiza ía supoñer a mellora do transporte público por estrada e contaba cun investimento de 9,3 millóns de euros ao ano.

O pasado 18 de xuño, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade realizaba unha visita ao concello de Ribeira na que incidía, sen ruborizarse, na “renovación integral levada a cabo desde a Xunta de todo o transporte público de Galiza, co obxectivo de ofrecerlle aos cidadáns servizos máis modernos e mellor adaptados ás necesidades da xente”. E referíndose á comarca da Barbanza asegurou que “esa completa modernización do transporte público da Xunta permitiu dotar aos veciños de mellores conexións cara a Santiago, pero tamén dunha mellor coordinación dos servizos entre os concellos da comarca da Barbanza e mellores conexións...”

O transporte público é un servizo esencial para garantir que as persoas poidan desprazarse no territorio, poidan acudir ao traballo ou mesmo aos servizos médicos, pero tamén debe ser unha prioridade coa que contribuír a reducir o uso do vehículo privado e reducir a contaminación atmosférica.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na Barbanza, lonxe de termos un transporte público de calidade, a situación está sendo moi problemática desde que comezou a funcionar a nova concesionaria. A liña XG-847 correspondente á comarca da Barbanza púxose en marcha de maneira atropelada e descoordinada, provocando un caos ao comezo do funcionamento da nova empresa que presta os servizos de transporte público. Os problemas, lonxe de ir solucionándose estanse a incrementar de maneira alarmante sen que nos conste que os responsábeis da Xunta de Galiza fagan nada por remedialo.

Para empezar, as persoas usuarias do transporte público quéixanse da falta de información xeneralizada que existe, pois non se editou nin un só folleto que recollese as rutas e paradas, moitas marquesiñas carecen de información dos itinerarios e dos horarios e a oficina de información da compañía nunca ten persoal de atención ao público.

A retirada de moitos dos autobuses que prestaban servizo e a súa substitución polos actuais, máis altos e con máis escaleiras, está provocando serios inconvenientes a persoas maiores, persoas que presentan algún grao de discapacidade física ou mesmo a calquera persoa cun carro de crianza ou de compra.

O servizo compartido, onde nas horas escolares os nenos e nenas que se dirixen ou volven dos centros escolares poden viaxar xunto con outras persoas usuarias, non debería ser un problema. Mais o que está a ocorrer é que os autocares ocúpanse na súa totalidade con escolares provocando, na práctica, que as persoas que desexan coller o autobús non poidan facelo. Non son poucas as ocasións nas que as persoas usuarias deben agardar ao seguinte autobús porque o que pasa vai con todas as súas prazas cubertas.

Alén do anterior, en moitos casos os autobuses non teñen a capacidade para trasladar a todo o alumnado e é moi habitual que moitos nenos e nenas e mozos e mozas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

teñan que agardar outro autobús que, tal e como se recolle nas queixas de numerosos usuarios, moitas veces se retrasa considerabelmente ou mesmo non chega a pasar nos horarios indicados por Monbus porque o tempo estipulado para facer os servizos é totalmente insuficiente.

O exemplo máis ilustrativo de que os tempos estipulados para realizar os servizos son insuficientes é o do traxecto Ribeira-Noia que, segundo o horario establecido por Monbus faise en 45 minutos, reducindo en 15 minutos o tempo no que se facía coa empresa anterior. Un tempo, por certo, autorizado pola Xunta de Galiza, que ignora que 45 minutos é practicamente o que leva facer ese percorrido en coche particular e sen paradas.

As horas punta son outro dos problemas. Nas horas centrais do día, dado o maior volume de vehículos que hai na estrada, os autobuses non son capaces de facer o traxecto no tempo que marca a empresa polo que os retrasos son continuados e considerábeis provocando prexuizos ás persoas usuarias constantemente.

Mención aparte merece a conexión de calquera dos concellos da comarca con Santiago de Compostela. Falta de puntualidade, poucos servizos en xeral e escasísimos servizos directos son as súas características.

Existe, ademais, unha diferenza e unha discriminación inexplicable entre os autobuses que chegan a Santiago, dende Ribeira ou os que chegan dende Noia. No caso dos de Ribeira, teñen como destino a nova estación intermodal e no caso dos de Noia poden apearse nas Fontiñas ou, por exemplo, en San Caetano. Isto provoca que as persoas procedentes de Ribeira véñen en moitos casos obrigadas a tomar a maiores un autobús urbano para dirixirse a zonas de Santiago distantes da estación intermodal, o que implica maior gasto pero, sobre todo, moitas dificultades para cumprir os seus horarios laborais. Tanto é así que moitos residentes no concello de Boiro, achéganse a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noia para viaxar dende alí a Santiago e poder apearase noutras paradas distintas á da estación intermodal que sería a onde irían se tomasen o autobús Ribeira-Santiago.

Hai un importante número de persoas que traballan en Santiago e viven na comarca da Barbanza e que rematan a súa xornada laboral ás 15:00 horas. Neste caso, vense obrigadas a tomar un autobús urbano ata a estación intermodal onde o autobús que viaxa cara a Ribeira sae ás 15.20 horas. É practicamente imposíbel collelo e, polo tanto, é obrigado ter que agardar polo seguinte.

Os sábados non existen autobuses directos Ribeira-Santiago, cando si os había coa anterior concesionaria. A viaxe non directa dura case dúas horas, de maneira que o autobús que sae de Ribeira ás 8:00 da mañá chega a Santiago ás 10:00 horas, con retraso pois para calquera traballo que comece ás 9:00 horas.

En definitiva, os horarios do transporte público non se adaptan ás necesidades das persoas que teñen un horario laboral que cumprir e, ademais, son impuntuais e tamén caros.

Os bonos que pon a disposición a empresa para o traxecto Ribeira-Santiago para as persoas que traballan son mensuais e aínda así son talonarios de 50. É dicir, que todos os que sobran non poden utilízalos no mes seguinte, despois de pagar 150 euros (bonificación incluída) para mercalos. A bonificación é dun 50%, tamén incomprensiblemente menor que noutros percorridos (A Coruña-Santiago, Lugo-Santiago, Ourense-Santiago, Noia-Santiago ...) onde ascende ao 75% e si poden utilizar os que sobran do mes.

Por último, non deixa de ser chamativo o xeito de entender os viaxes de balde a Xunta de Galiza. A Tarxeta Xente Nova, posta en marcha para, supostamente, poder viaxar de balde as persoas menores de 21 anos ten que ser pagada por adiantado e só ao





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mes seguinte pódense recuperar os cartos das viaxes realizadas nun caixeiro, sistema que dificulta en gran medida esa recuperación.

En definitiva, un servizo deficiente que non atende as necesidades das persoas e que non incentiva o uso do transporte público. Un sistema no que non só perden as persoas usuarias senón tamén os traballadores e traballadoras da empresa que se ven obrigadas a traballar nunhas complicadas condicións e cunha situación laboral moi mellorábel, realizando máis horas das que lle corresponden e poñendo en risco a súa saúde e mesmo a das persoas que transportan.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1.- Que avaliación fai a Xunta de Galiza do funcionamento do Plan de Transporte de Viaxeiros por Estrada dende a súa implantación?

2.- Que valoración fai a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade do desenvolvemento dese Plan dentro da comarca da Barbanza e na súa conexión con Noia e con Santiago de Compostela?

3.- Ten coñecemento das queixas e dos problemas que as persoas usuarias veñen padecendo dende que a nova concesionaria, Monbus, ven realizando o servizo? De ser así, que actuacións levou ou vai levar a cabo para lle dar solución?

4.- Considera que a información que teñen as persoas usuarias por parte da empresa e relativa aos horarios e traxectos é a correcta? É coñecedora de que a oficina de información da empresa nunca ten persoal de atención?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5.- Considera que os tempos estipulados pola empresa para realizar os servizos, e consentidos pola Xunta de Galiza, son os acaídos? Por que motivo se reduciron tempos en itinerarios onde antes eran maiores? Supervisou a Xunta de Galiza se eses tempos propostos se corresponden cos itinerarios a realizar?

6.- Por que razón os autobuses de Ribeira-Santiago só poden parar na estación intermodal, a diferenza dos que proceden doutros destinos?

7.- Por que razón non hai autobuses directos Ribeira-Santiago os sábados cando si existían anteriormente á concesionaria actual?

8.- Por que razón o sistema de bonificación e a súa contía é diferente e discriminatoria no caso das persoas usuarias de autobuses Ribeira-Santiago?

9.- Considera que o sistema co que funciona a Tarxeta Xente Nova é o acaído? De non ser así, vai levar a cabo os cambios oportunos no mesmo?

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 04/10/2021 11:58:28

Paulo Ríos Santomé na data 04/10/2021 11:58:32

Xosé Luis Bará Torres na data 04/10/2021 11:58:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García e da deputada Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para reposta escrita.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comunidade educativa do IES de Poio iniciou no día de hoxe, luns 4 de outubro, mobilizacións para demandarlle a consellaría de educación que cubra de maneira inmediata a praza de docente de xeografía e historia con destino definitivo no centro. Esta praza está vacante desde o inicio do curso porque a persoa titular está ocupando un posto nun organismo da Xunta e a consellaría non enviou outra docente para substituíla.

Estas mobilizacións veñen despois de que a Xunta se negase a atender as peticións da dirección do centro, que xustificou a demanda por medio dun informe, con datos do profesorado e do alumnado deste curso.

Consideramos que estamos diante dun novo exemplo de racanería miserábel e inxusta por parte da Xunta do PP, que está a privar dos seus dereitos ao alumnado de 1º de ESO e 2º de Bacharelato do centro, que en lugar de recibir as clases con normalidade ten que ser atendido por profesorado de garda.

Trátase dunha situación insostíbel e absurda, causada por un erro da consellaría e que debe ser resolta de xeito inmediato. Unha situación inxusta, que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

se pode resolver de hoxe para mañá xa que hai docentes nas listas de substitucións que poderían incorporarse ao centro en cuestión de horas.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Por que razón a consellaría de educación se nega a cubrir a praza de docente de xeografía e historia do IES de Poio que quedou vacante porque a persoa que ten destino definitivo no centro está ocupando un posto nun organismo dependente da consellaría?

Por que a consellaría de educación non atendeu as reiteradas demandas da dirección do centro para que se cubrixe esta praza, petición avalada por un informe con datos de profesorado e alumnado do presente curso?

Como valora a Xunta o trato discriminatorio e inxusto que sofre o alumnado de 1º de ESO e 2º de Bacharelato que non está a recibir as clase de xeografía e historia?

Considera a Xunta normal que se teña que recorrer a mobilizacións do profesorado para resolver unha situación situación absurda que só se explica pola racanería e falta de sensibilidade da consellaría?

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Manuel Lourenzo Sobral





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 04/10/2021 12:25:12

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 04/10/2021 12:25:15

Daniel Castro García na data 04/10/2021 12:25:24

Mercedes Queixas Zas na data 04/10/2021 12:25:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a a nova localización da Planta de Transferencia de Residuos de Sogama no concello de Riotorto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos días sóubose da intención da Xunta de Galiza e de Sogama de construír unha Planta de Transferencia de Residuos no lugar do Franco, en Aldurfe, no concello de Riotorto. Ante esta nova, a veciñanza do lugar mostrou o seu total descontento por varios motivos.

En primeiro lugar, a ausencia total de comunicación cos veciños por parte do alcalde. Este proxecto que foi aprobado no mes de xuño, comunicóuselle aos veciños apenas dous días antes da inauguración por parte da Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

En segundo lugar, as evidentes consecuencias que esta planta lle provocaría á veciñanza do lugar, xa que se construíría en núcleos rurais dedicados á actividade agrogandeira, sen vías de acceso axeitadas para o grande tráfico de camións que se xeraría e moi preto de vivendas e granxas, algo que conlevaría graves consecuencias aos e ás veciñas.

Ante esta situación e despois da presión dos habitantes de Riotorto, o concello e Sogama chegaron a un acordo para paralizar definitivamente a ubicación prevista para





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

esta planta no lugar do Franco. Esta nova, celebrada por toda a veciñanza do concello dá lugar a unha serie de dúbidas que a Xunta de Galiza debe resolver.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Que actuación ten pensada a Xunta de Galiza despois da paralización da construción da planta prevista no lugar do Franco en Riotorto?
- . Cales van ser os criterios para decidir o lugar da planta despois da paralización do primeiro proxecto?
- . Ten a Xunta de Galiza unha calendarización da actuación e un novo orzamento asignado para esta planta?
- . A construción da planta vai estar dialogada cos veciños da zona e cos alcaldes e alcaldesas dos concellos afectados?
- . Ten a Xunta de Galiza novas propostas de ubicación para esta planta?

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 04/10/2021 13:04:39

Daniel Castro García na data 04/10/2021 13:04:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as medidas a tomar para evitar o desafiuzamento de familias de vivendas en mans da SAREB no concello de Silleda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A vivenda é dereito teórico, recoñecido na lexislación, mais que na práctica é inaccesíbel para unha ampla maioría da poboación. A vivenda segue a ser concibida, tanto polo Goberno galego como polo Goberno do Estado, coma un ben de investimento e non coma un dereito. As políticas que levan a cabo dificultan constantemente a miles de persoas o dereito a unha vivenda digna, expulsando á xente das súas casas, tronzando proxectos vitais ao privarlas dunha vivenda na que poder habitar.

A política de vivenda que levan a cabo está pensada non para favorecer o acceso á mesma, senón para favorecer a especulación e o negocio. Un claro exemplo é o que está acontecendo no concello de Silleda, onde a Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, SAREB, esta a forzar o desafiuzamento de varias familias. Trátase de familias que vivían nun edificio na rúa Emilio Alonso Paz, en réxime de alugueiro, onde o promotor e construtor era o arrendatario. Tiñan establecido con este de xeito verbal unha opción a compra.

A maioría d@s inquilino@s fixeron investimentos nas vivendas para poder entrar a vivir nas mesmas porque estaban sen equipamentos: mobles, cociñas,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

electrodomésticos, pequenas reformas... agardando acadar a súa propiedade, chegando nalgún caso a gastar ata 15.000€.

A situación actual ven derivada de que a pesares de que @s inquilin@s pagaban o alugueiro correspondente, o promotor non foi pagando a hipoteca polo que o banco procedeu á execución hipotecaria.

Posteriormente, o banco cede os pisos á Sareb e comeza unha negociación cos avogados para buscar unha solución, fose de alugueiro ou de compra dos inmobles. A pesares disto, neste verán a Sareb rompe unilateralmente as negociacións, sen atender a razóns, e insta no xulgado a orde de desaloxo de cando menos 10-12 familias, con nenos de moi curta idade.

Esta posición por parte da SAREB está causando graves prexuízos ás familias, primeiro de índole económica, xa que realizaron un investimento nos pisos que non van recuperar, supónlle abandonar as vivendas sen ter outra alternativa nin para vivir nin para depositar os mobles e aparellos que son da súa propiedade, mais segundo tamén todos os prexuízos que teñen a ver co cambio de zona de residencias como pode ser a actividade laboral ou a escolarización d@s nen@s xa iniciado o curso.

É paradoxico que no mesmo verán a Sareb fixera pública unha nova na que dicía que poñía a disposición dos concellos vivendas para alugueiro social, mentres desaloxa aos inquilinos das súas.

A débeda provocada pola desastrosa xestión realizada polas entidades bancarias converteuse en débeda pública que temos que asumir tod@s con orzamento público, salvan aos bancos, facéndose cargo dos activos tóxicos, e despois permítenlles seguir actuando en función dos seus intereses e non dos da maioría. Se a débeda da Sareb é





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

publica, as súas vivendas tamén deberían ser públicas, e deberían estar para resolver os problemas da poboación.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que medidas ten realizado a Xunta de Galiza para evitar o desafiuzamento d@s veciñ@s do concello de Silleda das vivendas da rúa Emilio Alonso Paz en mans da SAREB?

. Vai realizar algunha actuación para que a SAREB estableza unha negociación c@s inquilin@s afectad@s de cara a evitar o seu desaloxo e que poidan manter as súas vivendas?

. Vai solicitar o arquivo de todos os procedementos de desafiuzamento abertos?

. Vai actuar para crear un parque de vivenda publica con todas as vivendas baldeiras para poder poñelas a disposición das persoas que as precisen?

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Alexandra Fernández Gómez

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 05/10/2021 12:11:20

Alexandra Fernández Gómez na data 05/10/2021 12:11:24

María Montserrat Prado Cores na data 05/10/2021 12:11:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonzo, Carme González Iglesias e Daniel Pérez López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza continúa a vivir no mes de outubro a crise do prezo da luz. Neste contexto, mesmo o Operador do Mercado Eléctrico (OMIE) prevé que até o ano 2024 esta situación non mellore após a entrada cara finais de 2023 de meirande tecnoloxía renovábel.

Esta situación ten as súas causas profundas no sistema de conformación da tarifa eléctrica e de fixación do prezo, a través do coñecido como sistema marxinalita, polo cal as tecnoloxías máis caras son as que impoñen os prezos. Asemade, neste contexto, vemos agravado o problema pola crise do encarecemento dos combustíbeis fósiles e dos gravames asociados.

Diante do agravamento desta situación, o goberno central arbitrou diferentes medidas, fundamentalmente no ámbito impositivo e de forma transitoria, que non acaban de surtir efecto. Asemade, a proximidade do inverno e a recuperación da actividade económica nesta fase da pandemia fan prever importantes problemas de prezo e mesmo de xestión do subministro de cara ao inverno.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste sentido, o prezo das materias primas e as limitacións no acceso a materias primas, sinaladamente ao gas, está afectando a moitos estados, nomeadamente na China e tamén en Europa. No caso do Estado español esta situación vese gravada pola decisión de Marrocos de fechar o gasoduto do Magreb, o que poden levar a enfrontar problemas de subministro deste ben. Esta situación vese agravada porque na transición enerxética planificada polo goberno central, o gas é un elemento estratéxico. Polo tanto, a dificultade no seu abastecemento pode levar a tomar medidas para o respaldo do sistema que mesmo entran en contradición coa folla de ruta prevista de descarbonización.

Diante desta situación cambiante é necesario que os poderes públicos de Galiza manteñan vixilancia e unha actitude proactiva ante as diferentes evolucións que poidan darse nos próximos meses, tendo presente a necesidade de ter unha voz propia neste debate e tamén a necesidade de prever as plenas garantías da subministración eléctrica en Galiza.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Vai demandar o goberno galego ás institucións e organismos correspondentes que, previo os estudos correspondentes, tomen as medidas oportunas para garantir o subministro eléctrico en Galiza?

. Vai demandar ou demandou que isto se faga valorando todas as posibilidades de instalacións que estean en condicións de funcionamento?

. Desenvolveu ou vai desenvolver algún estudo propio ao respecto desde instrumentos como o INEGA?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Colaborou ou vai colaborar o goberno galego co sistema universitario galego para prever cales son as necesidades enerxéticas do noso país e como pode afectar esta crise?

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 06/10/2021 09:32:09

Daniel Pérez López na data 06/10/2021 09:32:14

Ramón Fernández Alfonzo na data 06/10/2021 09:32:24

Noa Presas Bergantiños na data 06/10/2021 09:32:35



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O final do verán volve destruír empregos en Galicia, desta vez máis de 5.400 persoas en setembro, incrementándose o paro nun 1,18 %, en 1.790 persoas, evolución marcada, polo remate da temporada estival e das contratacións eventuais propias desta e que evidencian, unha vez máis, a forte precariedade, temporalidade e estacionalidade do mercado laboral galego.

Por outra banda esta evolución é contraria ó que sucede no resto do Estado onde o paro baixa nun 2,28 %, en 76.113 persoas, cun aumento de 57.387 afiliacións á Seguridade Social

Interanualmente, o paro baixa en ambos contextos dun xeito similar, nun 13,32 % en Galicia e nun 13,73 % no Estado. Pero para realizar unha comparativa real teríamos que analizar as baixas por non renovación que se producen en Galicia e non no resto do estado.

O número total de persoas desempregadas en Galicia no mes de setembro de 2021 sitúase en 153.054.

En canto aos máis mozos e mozas, os e as menores de 25 anos, o paro medra dun xeito moi acusado nun 10,8 %, por enriba do resto de idades.

Por sexos, o desemprego aumenta dun xeito máis acusado entre as mulleres, nun 1,6 % e nun 0,6 % entre os homes. Aquí amósase como as mulleres soportan un maior grado de terciarización na súa ocupación, sufrindo máis a estacionalidade e precariedade. No ano, a contracción do desemprego beneficia máis ós homes, cunha caída do 16,11 %, que no caso das mulleres baixa ata o 11,29 %.

En termos estruturais, as mulleres representan o 59,2 % do total do desemprego en Galicia, 90.678 mulleres en paro, fronte a 62.376 homes.



Por sectores, o paro aumenta nos servizos, nun 1,86 %, e entre o colectivo de sen emprego anterior, nun 1,77 %.

En termos provinciais, todos os territorios teñen a mesma evolución, destacando o forte aumento no mes na provincia de Lugo, cun 3,9 % máis de desemprego. Na que menor aumento se dá é na de Pontevedra, un 0,1 %.

En termos de contratación, en setembro realizáronse 96.615 contratos pero tan só o 8,71 % foron indefinidos.

Denunciaba UGT-Galicia o forte peso da contratación temporal porque, ademais, obsérvase que o groso dos movementos danse nesta modalidade.

A afiliación á Seguridade Social sitúase en Galicia en 1.034.229, caendo no mes nun 0,5 %, cando no resto do Estado aumenta nun 0,29 %.

A taxa de cobertura en agosto 2021 por desemprego (último dato dispoñible) sitúase no 62,8 %. As persoas beneficiarias de prestacións de desemprego son 87.594. Destas, 40.844, o 46,6 %, son persoas beneficiarias de prestacións contributivas, o resto, dependen de prestacións de carácter asistencial, moito máis desfavorables.

No relativo ós ERTE, remata setembro con 9.842 persoas en ERTE, 6.330 deles a xornada completa .

E insiste este grupo parlamentario na crítica a decisión da Consellería de Traballo de non continuar en xaneiro do presente ano coa renovación automática da demanda. Non se tivo en conta o que puidera pasar coa pandemia, nin os riscos a que se puideran someter ás persoas desempregadas. Todo elo era menos importante coa propaganda que se podería facer. No mes de xaneiro é cando se produce o pico máis alto de novos casos de Covid-19: a cifra de novas infeccións chega ata 34.448 persoas. Xusto acádase o pico máis alto no momento en que se volve á renovación da demanda polas propias persoas demandantes. Nesa situación da pandemia, no primeiro semestre de 2021 producíronse 88.214 baixas por non renovación, un 60 % máis que en 2019 e un 56 % máis coa media dos tres últimos anos nos que houbo obriga de renovación da demanda, de 2017 a 2019.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai o Goberno galego de que en Galicia suba o paro nun setembro de caída récord en España?
2. Que valoración fai o Goberno galego do forte peso da contratación temporal en Galicia?
3. Que medidas pensa adoptar ao respecto?
4. En relación ao aumento do desemprego, de xeito máis acusado entre as mulleres que entre os homes, pensa realizar algunha actuación de forma inmediata?
5. E sobre a precarización e estacionalidade que caracteriza o mercado laboral na nosa comunidade, fixo o Goberno galego un estudo que analice as causas e medidas a adoptar?
6. Que medidas inmediatas vai a adoptar a Consellería de Emprego en relación a precarización, temporalidade e estacionalidade que caracteriza o noso mercado laboral?
7. Pensa reforzar o Servicio Público de Emprego en relación cos medios humanos necesarios para realizar os itinerarios personalizados de inserción ou pola contra vai prescindir de persoal?

Pazo do Parlamento, 6 de outubro do 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 06/10/2021 09:43:55

Julio Torrado Quintela na data 06/10/2021 09:44:05

Marina Ortega Otero na data 06/10/2021 09:44:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Manuel Lourenzo Sobral e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a autorización ao IES Aquis Querquernis de Bande a impartir as materias escollidas polo alumnado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Resolución de 17 de xuño de 2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional da Xunta de Galiza pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22, exige a inscrición de, cando menos 5 alumnos/as, para que se poda impartir nos centros do medio rural determinadas materias troncais ou específicas.

Certamente os rateos establecidos non son moi diferentes aos que estaban vixentes ate o de agora, mais cunha transcendental diferenza, como era o feito de admitir excepcións para o caso de que existira persoal docente con dispoñibilidade horaria para impartir esas materias no centro. É dicir, malia que o número de alumnos que optasen por unha materia determinada fose inferior a 5, se existían medios para dar satisfacción á vontade ou vocación dx alumnx, podería autorizarse impartir a materia escollida.

Certamente non é ate o vencemento do prazo de matrícula -entrado o mes de setembro- cando os centros primeiro e logo o alumnado poden coñecer o número de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

escolares que escollen unha materia concreta e xa que logo as ensinanzas a impartir nese concreto centro.

E por iso que non foi ate o mes de setembro cando o alumnado interesado tivo coñecemento da postura inxustificadamente inflexible da Xunta de Galiza e, xa que logo, da imposibilidade de cursar a materia escollida no seu centro.

Esta nova restrición de dereitos das persoas de contido netamente ideolóxico - primar principios economicistas sobre o reequilibrio territorial e os dereitos das persoas -, mais colateralmente está a prexudicar a cidadanía sen aforro de recursos algún. Así, existen centros, fundamentalmente localizados no medio rural, mais non exclusivamente, no que existe persoal capacitado para a impartir as materias e con dispoñibilidade horaria para facelo, a pesares do que a Xunta de Galiza esta a negar tal posibilidade aos alumnos/as.

Tendo en conta tanto o asentamento da poboación como o precario das comunicacións e posibilidades de transporte e comunicación no medio rural, así como o inicio do curso escolar provocan que dependendo de onde residan (e por suposto tamén das súas circunstancias económicas e sociais) podan aspirar a cursar ou non as materias da súa elección. Estudos que tamén condicionará as súas posibilidades de cursar no futuro os estudos universitarios que desexen. Circunstancia xa acontecida a alumnas do propio centro Aquis Quequernis no que a limitación de oferta académica ten impedido, de facto, capacitarse para o exercicio da súa vocación.

O anteriormente descrito é o caso que se esta a producir, entre outros moitos centros, no IES Aquis Querquernis de Bande onde se está denegar ao alumnado a posibilidade de cursar as materias da súa elección, a pesares de existir profesorado capacitado para facelo e con dispoñibilidade horaria para prestala.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Considera a Xunta de Galiza que impedir ao alumnado cursar as materias da súa elección pode condicionar o acceso á carreira universitaria da súa elección?

. Entende o Goberno Galego que resulta eficaz e eficiente impedir impartir aulas a profesorado que, estando capacitado, ten dispoñibilidade horaria?

. A denegación da autorización para impartir as materias escollidas polo alumnado, impedindo estudar as materias da súa elección ou obrigándolles a abandonar o seu centro de estudos do seu concello, contribúe ao reequilibrio territorial e a evitar o abandono da poboación no medio rural?

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 06/10/2021 13:55:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 06/10/2021 13:55:06

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 06/10/2021 13:55:25



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Arredor dun millón e medio de persoas viven en Galicia nas 7 áreas urbanas de Coruña, Vigo, Santiago, Ourense, Lugo, Ferrol e Pontevedra. Isto representa máis da metade da poboación de Galicia e vai en aumento, en liña co que sucede no resto do mundo, onde se agarda que a porcentaxe da poboación que vivirá en cidades no ano 2050 será do 68 %.

O cambio climático estase intensificando e vai aumentar a frecuencia e gravidade dos episodios de calor extrema, inundacións, secas e incendios forestais, perigos que poden afectar dun xeito especial ás áreas urbanas.

Por outra banda, as actuacións medioambientais teñen un efecto especialmente intenso nas áreas urbanas debido precisamente á súa densidade de poboación, que permite que moitas persoas compartan recursos e se beneficien de infraestruturas de todo tipo, espazos verdes, etc. O escenario urbano ten tamén unha enorme importancia desde o punto de vista ecolóxico na medida en que nel se concentra o maior volume de emisións, consumo de enerxía, auga, xeración de residuos, etc.

Tamén hai que ter en conta que a poboación urbana se concentra na costa, nunha porcentaxe que no mundo é de arredor do 90 % e que en Galicia amosa o feito de que 4 das sete cidades, e as dúas máis poboadas, están na costa, que será o escenario máis afectado pola elevación do nivel do mar asociada ao cambio climático.

Por iso é un feito non discutido que as accións e políticas públicas tendentes a mellorar a ecoloxía urbana son estratéxicas e esenciais e especialmente efectivas para facer fronte non só ao cambio climático, senón ao colapso global dos ecosistemas e á mellora da calidade de vida da maior parte da humanidade.

Nesa liña, a renaturalización das cidades de Galicia é unha materia pendente nas políticas da Xunta de Galicia, que se con carácter xeral están definidas pola súa escaseza de ambición cando non aberto o negacionismo é un abundante ecopostureo ou *greenwashing*, no caso das cidades de Galicia o problema faise



aínda máis acusado ante o escapismo competencial dun goberno de Galicia que dá as costas ao escenario urbano alleo ao seu control, a pesar de que as competencias en materia medioambiental da Xunta esténdense a toda Galicia, con independencia do seu carácter urbano ou rural.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Ten a Xunta de Galicia algún plan específico para mellorar o estado ecolóxico das áreas urbanas de Galicia nas que vive máis da metade da nosa poboación?

2ª) Cales son as accións e medidas que está levando a cabo a Xunta de Galicia en materia medioambiental nas áreas urbanas de Galicia nas que vive máis da metade da nosa poboación?

Pazo do Parlamento, 6 de outubro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 06/10/2021 18:31:36

Paloma Castro Rey na data 06/10/2021 18:31:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o desenvolvemento normativo da LOMLOE en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos primeiros días do 2021 entrou en vigor Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOMLOE).

Esta lei orgánica, da que o BNG xa realizou no seu momento a súa valoración (tanto neste Parlamento coma noutros ámbitos) implica importantes cambios a respecto da lexislación educativa que tiñamos até o de agora.

Coma en calquera proceso de aplicación dunha lei orgánica de educación, cómpre agora á administración galega proceder ao desenvolvemento normativo dos diferentes eidos normativos que son competencia de Galiza.

Neste sentido, aspectos centrais para a vida académica do noso país, como poden ser (entre moitos outros) a elaboración dos currículos académicos terán que ser desenvolvidos en boa medida pola Xunta de Galiza.

Neste sentido compre destacar, que a LOMLOE (alén de eivas importantes, que dende o BNG entendemos que as ten) establece que lle corresponde á Xunta a





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

elaboración do 50% do currículo académico, ademais do desenvolvemento doutras normativas de grande impacto na comunidade educativa.

Dende o BNG entendemos que, para garantir que este corpus normativo poida ter o maior dos éxitos na vida académica, é preciso un proceso de diálogo e negociación coa comunidade educativa que permita acadar consensos, tanto no desenvolvemento curricular como na elaboración de toda a normativa derivada da aplicación da LOMLOE.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

. Vai á Xunta de Galiza crear un grupo de traballo coa comunidade educativa no que estean presentes todos os axentes (Anpas, sindicatos, estudantes) para acordar o desenvolvemento normativo da LOMLOE?

. Vai a Xunta de Galiza contemplar a realidade galega e as necesidades do noso país no desenvolvemento normativo da LOMLOE?

. Vai o goberno galego dialogar cos diferentes grupos desta cámara para chegar a acordos nos diferentes textos normativos derivados da aplicación da LOMLOE?

. Con que organizacións da comunidade educativa, representantes do profesorado, anpas e organizacións estudantís ten pensado dialogar o goberno galego para analizar e acordar o desenvolvemento normativo da LOMLOE?

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Manuel Lourenzo Sobral

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 07/10/2021 15:57:45

Mercedes Queixas Zas na data 07/10/2021 15:57:48

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 07/10/2021 15:57:58



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A banda marrón e vermella do pino, como xa defendemos na proposición non de lei con número de rexistro 16883, presentada en xuño de 2021 é un fungo que debilita as coníferas e que lle pode causar a morte, entrou en Galicia por concellos do oriente de Lugo como A Fonsagrada ou Baleira. A chegada desta enfermidade as masas galegas do pino insigne ('*Pinus radiata*') próximas a Asturias era previsible, pois o occidente da comunidade veciña rexistra unha incidencia en aumento dos fungos dende 2018, cando tamén o problema das bandas marróns e vermella explotou no País Vasco.

A entrada en Galicia das chamadas banda marrón e vermella do pino é un motivo de preocupación para as propietarias forestais, pois o fungo pode afectar a masas de pino insigne e ademais a ameaza do fungo desincentiva as plantacións de pino insigne, a especie máis susceptible a enfermidade e que en Lugo é a principal conífera. Menos susceptible é o piñeiro do país ('*Pinus pinaster*'), a conífera dominante en Galicia, en tanto nas zonas de alta montaña o pino silvestre, se considera resistente á enfermidade mentres que o *Pinus nigra salzmannii* var. *Corsicana*, (Piñeiro de Corcega o corsicana) si se ve afectado.

As zonas máis afectadas sitúanse polo momento nas partes altas dos montes, por riba dos 600 metros, como A Bacariza ou A Fontaneira (Baleira).

Existe a posibilidade de tratamentos terrestres con produtos fitosanitarios, e as **condicións de realización dos tratamentos e áreas de exclusión é a seguinte:**

Todo tratamento terrestre deberá cumprir o autorizado expresamente pola Resolución da Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agropecuaria, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do 22 de abril de 2021, que excepcionalmente autoriza a comercialización e uso en aplicación terrestre de produtos fitosanitarios formulados a base **de óxido cuproso 75 por cento [GT]** p / porcentaxe peso de soluto/peso dunha solución contra enfermidades criptogámicas defoliadoras en coníferas de montes e que modifica a resolución do 19 de febreiro de 2021, e os efectos da autorización dende o 1 de abril de 2021 ao 29 de xullo de 2021 son:



1. En relación cos produtos fitosanitarios e as condicións de uso dos mesmos:

1. Produtos fitosanitarios de formulacións a base de óxido cuproso, ou de estrato de tomiño.
2. O período para a realización dos tratamentos será entre o 1 de abril de 2021 e o 29 de xullo de 2021.
2. Zonas de exclusión das superficies a tratar:
Ríos e regatos, coas súas áreas de influencia.
Áreas naturais protexidas:.
Parcelas de agricultura ecolóxica: e a súa área de influencia.
Núcleos e edificacións urbanos: e as súas áreas de influencia

En relación as recomendacións e medidas :

- Establecemento de medidas culturais co fin de promover o vigor das plantas. É fundamental a aireación das masas, eliminación dos restos de poda e realización de claras. Estas medidas favorecen o vigor das árbores como tamén é recomendable aumentar o marco de plantación, co que se incrementa a circulación de aire, retense menos humidade e estas enfermidades non se ven favorecidas.
- Recoller semente de plantacións sans.
- Limpar as ferramentas que se vaian a utilizar.
- Eliminar material enfermo.

É de resaltar que despois do establecido na Orde do 22 de abril de 2021 só se autoriza a utilización de óxido cuproso ata o 29 de xullo de 2021.

Temos constancia que as actuacións que se están a levar a cabo as realiza a Fundación Arume, en colaboración coa Consellería de Medio Rural, sen coste para as persoas propietarias. Son as persoas interesadas as que teñen que contactar coa Fundación para solicitar a aplicación dos tratamentos. Sen que nos conste, tal como se afirmaba polo Grupo Popular na Comisión 7.^a, de que o Goberno galego sacaría unha orde específica de axudas para tratamentos contra esta praga.



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. A que orde se poden acoller as persoas propietarias forestais para realizar nos seus montes tratamentos contra o mal marrón, ou exclusivamente se poden acoller ás actuacións que realiza a Fundación Arume?
2. Realizaron algunha actuación ou actualización para modificar a Orde do 9 de febreiro de 2021 pola que se modifica o anexo I da Orde do 19 de maio de 2014 pola que se establecen os modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas forestais para os distritos forestais de Galicia?
3. De que forma a Administración vai apoiar ás persoas particulares para que realicen os tratamentos silvícolas apropiados para mitigar esta enfermidade? Ten previsto establecer algunha axuda propia para esta situación?
4. Ten previsto a Administración facer ensaios con novas especies a engadir aos modelos selvícolas que sexan máis resistentes a esta enfermidade e ás novas condicións climáticas que se están producindo con secuencia do cambio climático?
5. Se o criterio elixido pola Fundación Arume é, exclusivamente, que as masas afectadas formen unha superficie próxima a 10 hectáreas para realizar os tratamentos nos montes de particulares? Que inspección sobre os mesmos realizou a Administración forestal? Quen as realiza: os distritos forestais, os servizos provinciais ou os servizos centrais?
6. Que traballos se realizaron nos montes que aínda continúan vixentes os contratos (consorcios ou convenios) coa Administración autonómica? Quen realizou estes traballos e en que forma se fixo a adxudicación dos mesmos?
7. Cantas hectáreas tratou a Fundación Arume ata o 30 de setembro, data que segundo di acaba a posibilidade de solicitar o tratamento gratuíto por parte dos particulares? En que concellos traballou e cantos particulares solicitaron a súa intervención?
8. Que produto se utiliza para realizar os traballos desde que acabou a moratoria? E que dose emprega? Cal é a metodoloxía dos produtos fitofortificantes que se están empregando, de forma que se garante que non haberá impacto sobre o medioambiente?
9. Que empresa está a realizar os traballos fitosanitarios e que procedemento se seguiu para ser refrendada pola Administración, ou exclusivamente validouna a Fundación Arume?



Pazo do Parlamento, 7 de outubro do 2021

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 07/10/2021 10:25:36

Martín Seco García na data 07/10/2021 10:25:48



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Padroado do Ifevi reunido o 10 de outubro de 2019 e presidido pola directora xeral de Comercio en delegación do conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia adaptou por unanimidade o seguinte acordo:

“Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia a tramitación da ampliación do recinto feiral de Vigo como proxecto público de urxencia e de excepcional interese público, ó amparo da Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia e de excepcional interese.

En consecuencia unha vez redactado e supervisado o proxecto técnico de conformidade co establecido no apartado 3 do artigo único da Lei 3/2016, dar traslado á Consellería de Economía, Emprego e Industria, como entidade competente por razón da materia, do proxecto técnico de ampliación das instalacións do recinto feiral, solicitando o inicio do procedemento previsto no artigo citado.”

O dito acordo foi reiterado e ratificado por unanimidade dos membros do Padroado na sesión extraordinaria celebrada o 30 de decembro de 2019.

O Grupo Parlamentario Socialista reiterou a través da presentación da proposición non de lei levada a Comisión no pasado mes de novembro o interese público de ampliar o Ifevi e a urxencia da execución do proxecto que tiña que estar rematado en outubro de 2021 para permitir que a feira de Conxemar contase con máis espazo na edición deste ano.

Todos e todas sabemos que Conxemar é a feira de referencia en Europa e serve de lugar de encontro para todo o sector. Esta feira consolídase entre as catro máis importantes do mundo. Na edición deste ano Conxemar contou con 486 expositores procedentes de 28 países.

Compre salientar a importancia de Conxemar para reforzar a posición estratéxica de Vigo e Galicia no sector pesqueiro. O papel internacional de dita feira leva á necesidade urxente de ampliar as instalacións do Ifevi.



A Xunta de Galicia non deberían ter demorado a ampliación do Ifevi, xa que Conxemar é clave para a nosa economía. E nesta última edición non estaba feita a ampliación.

Nunha das visitas da conselleira de Infraestruturas a Vigo, no mes de maio, anunciou: *“a mediados de setembro estará rematada a envolvente do edificio, dispoñendo xa provisionalmente de superficie para celebrar Conxemar, Navalía ou Mindtech”*.

O incumprimento por parte desta consellería prexudica ó Ifevi e ás feiras que alí se celebran, especialmente a Conxemar. O prexuízo ocasionado á economía da cidade de Vigo é notable, e desde o goberno da Xunta de Galicia débense dar explicacións por non ter a ampliación realizada para o mes de setembro, despois do anuncio da conselleira de Infraestruturas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cales foron os motivos do retraso por parte da Xunta de Galicia das obras da ampliación do Ifevi que fixeron que non estivera realizada no mes outubro para a feira Conxemar?
2. Por que a conselleira de Infraestruturas anunciou que a ampliación estaría rematada a mediados de setembro?
3. Cando ten prevista a Consellería de Infraestruturas que vai a estar rematada a obra de ampliación do Ifevi?

Pazo do Parlamento, 7 de outubro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Noelia Otero Lago

Martín Seco García

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 07/10/2021 10:27:57





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 23460
Data envío: 07/10/2021 16:21:07.210

Noelia Otero Lago na data 07/10/2021 10:28:05

Martín Seco García na data 07/10/2021 10:28:16

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGMoCQJgtAs7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Dende o inicio da pandemia motivada polo Covid-19, os centros de atención residencial para persoas maiores constituíron un dos puntos de vulnerabilidade máis importantes.

O Grupo Socialista insistiu dende os inicios en propoñer un protocolo de evacuación de todos os positivos sen excepción, a hospitais ou centros intermedios habilitados para tal causa. Ademais insistimos na necesidade da transparencia cos datos de contaxios, cando o Goberno galego non informaba nin dos datos por concellos, nin de datos por cada centro de atención residencial. Incluso tras un ano e medio continuamos sen ter os datos de falecementos por coronavirus ou con sintomatoloxía compatible por cada centro.

Dende aproximadamente fai 5 meses a Xunta de Galicia tampouco especifica os datos sobre contaxios en residencias así como o total de falecementos tal e como se fixo ata o momento na páxina web oficial da Xunta de Galicia. Polo que dende o Grupo Socialista consideramos importante coñecer os motivos de dita omisión por parte do goberno galego.

Ben é certo que a chegada das vacinas por parte do Estado no marco europeo, fixo que a situación nas residencias de maiores remitise. Non obstante, a Covid-19 continúa presente, polo que é importante ter unha información transparente e periódica.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:



1.^a) Cal é o motivo polo que o Goberno galego oculta a información sobre contaxios e falecementos por Covid-19 en residencias da páxina web oficial de Xunta de Galicia?

2.^a Cal é o motivo polo que aínda non aportaron os datos de contaxios e falecementos por Covid-19 ou síntomas compatibles por cada centro de atención residencial en Galicia?

Pazo do Parlamento, 06 de outubro de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero

Julio Torrado Quintela Marina Ortega Otero

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 07/10/2021 16:29:50

Julio Torrado Quintela na data 07/10/2021 16:30:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o papel do ensino galego como axente desgaleguizador.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Real Academia Galega acaba de publicar unha nova investigación sobre a situación da lingua galega entre a mocidade na que conclúe que a escola “é un medio hostil” para o galego e que exerce “un forte efecto desgaleguizador”.

Nesta investigación, denominada Mapa sociolingüístico escolar de Ames, participaron máis de 2.000 familias, 264 docentes e case 1.800 escolares e estudantes dos 20 centros educativos públicos e privados deste municipio, conclúese que: “O acceso ao sistema educativo exerce un forte efecto desgaleguizador nos nenos e nenas desde as idades máis temperás, moito antes do constatado nos estudos realizados até o momento, centrados maioritariamente na adolescencia”.

Do mesmo xeito, neste estudo, que supón o o primeiro deste tipo que abarca todas as etapas educativas e axentes da comunidade educativa chama tamén a atención sobre o papel do ensino na perda de falantes do galego con afirmacións como: “na secundaria só o 11% do alumnado é galegofalante e outro 11% bilingüe, fronte a un 77% de falantes habituais de castelán, a maioría deles monolingües” ou que “os procesos de substitución lingüística cara ao castelán iníciase, pois, na infancia e consolídase na adolescencia





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende o BNG entendemos que este, como outros estudos require dunha resposta urxente do goberno galego para frear a perda de falantes de galego nun ámbito como é o do ensino que ten por lei a obriga de contribuír a recuperación do galego.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Vai o Goberno Galego modificar a lexislación lingüística no ensino para reverter a perda de falantes denunciada pola RAG e procurar un grande acordo pola lingua no ámbito educativo baseado na defensa, promoción e normalización do idioma galego no ensino?

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 07/10/2021 17:31:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 07/10/2021 17:31:32

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 07/10/2021 17:31:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Daniel Pérez López, Ramón Fernández Alfonso e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as razóns da extraordinaria demora na resolución da convocatoria das axudas do programa Galiza Emprende e as súas consecuencias.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello de Dirección do IGAPE, na súa xuntanza do día 27 de outubro de 2020, acordou por unanimidade dos membros asistentes aprobar as bases reguladoras das axudas para novos emprendedores, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020. Facultando ao seu Director Xeral para a súa convocatoria, a aprobación dos créditos e a publicación no Diario Oficial de Galicia.

O 8 de xaneiro publícase no DOG a Resolución e as bases reguladoras das axudas para novos emprendedores das referidas axudas, abrindo un prazo de 45 días para a presentación das solicitudes, establecéndose o prazo máximo para a resolución da convocatoria.

Na propia Resolución facíase constar que:

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de 5 meses desde a publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia e, transcorrido este,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

poderase entender rexeitada por silencio administrativo a solicitude de concesión de axuda.

O prazo de execución e xustificación dos proxectos rematará na data establecida na resolución de concesión, sen que nunca poida exceder o 31 de xullo de 2022.

Os beneficiarios das axudas deberán presentar a solicitude de cobramento como máis tarde o 15 de novembro de 2021, para os proxectos cuxo prazo máximo de execución sexa o 15 de novembro de 2020 ou anterior, e como máis tarde o 31 de xullo de 2022 no resto dos proxectos.

Asemade na convocatoria establécense os requirimentos que deben conter os proxectos para ter a condición de subvencionábeis, incluído expresamente:

- a) Ser técnica, económica e financeiramente viables.*
- b) Ser proxectos completos, é dicir, a realización dos gastos e investimentos subvencionables debe dar como resultado a posta en marcha da actividade ou a súa ampliación. Non serán subvencionables as fases de proxectos que non sexan completas nestes termos.*
- c) Deben desenvolverse en Galicia.*
- d) A axuda solicitada debe supor un efecto incentivador para o proxecto presentado: de acordo co artigo 6 do Regulamento (UE) 651/2014, considerarase que as axudas teñen un efecto incentivador se a solicitude de axuda se presentou antes do comezo do proxecto. Ningún dos custos incluídos na solicitude de axuda poderá estar realizado nin comprometido antes da presentación da solicitude de axuda no Igape. De ser así, o proxecto considerarase non subvencionable na súa totalidade. Non se poderá incorrer en ningún dos custos alegados sobre os cales se solicita subvención con carácter previo á solicitude; de ser así, a totalidade do proxecto será considerado non subvencionable, de acordo coa exigencia de efecto incentivador previsto no artigo 6 do Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión.*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Malia as previsións temporais establecidas na convocatoria, a urxente necesidade económica e social de resolver os proxectos empresariais presentados, así como sendo totalmente previsíbel a presentación dun número importante de solicitudes, en todo caso xa coñecidas varios meses antes, ao peche do prazo de presentación dos proxectos, o día 21 de xuño publicase unha resolución do 4 de xuño na que se amplía o prazo de resolución ate o día 3 de xullo dado que as solicitudes de axuda presentadas a esta liña superaron de sobra calquera expectativa neste sentido polo que ese prazo de 5 meses resultaba insuficiente para abordar o traballo de xestión de todas as peticións.

Novamente o día 5 de agosto publicase unha nova resolución de ampliación do prazo de resolución ata o 8 de outubro, polas mesmas razóns e motivos que se indicaran o mes anterior.

A demora na convocatoria das bases reguladoras do procedemento e na apertura do prazo de presentación de solicitudes, na súa tramitación e resolución, alén dunha evidencia falla de consideración coas persoas que presentan os seus proxectos de emprendemento, unha total e absoluta improvisación da Xunta de Galiza que mesmo pode impedir a convocatoria de axudas cumprir a súa finalidade, de grande relevancia económica e social para este país.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Considera o Goberno Galego que a demora entre a aprobación das bases reguladoras das axudas para novos proxectos de emprendemento e a súa publicación no DOG facilita a reactivación económica e social de Galiza?

Entende a Xunta de Galiza que, dadas as circunstancias económicas, era previsible o incremento do número de proxectos presentados?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No seu caso, que medidas e en que momento, adoptou a Xunta de Galiza para axilizar a resolución da convocatoria? En concreto, reforzou o cadro de persoal destinado a tramitación e resolución da convocatoria, cando e de que forma?

Considera a Xunta de Galiza que a demora na resolución do procedemento pode comprometer a viabilidade de moitos proxectos, por exemplo pola variación de prezos, por destinar a capitalización da prestación de desemprego a atender necesidades vitais ou pola modificación das condicións de acceso a financiamento privado?

En concreto, coñece a Xunta de Galiza que os desempregados poden pedir o SEPE a capitalización do seu desemprego, para a posta en marcha dun autoemprego e que retrasar en 7 meses ou mais a resolución supón a perda dunha parte importante desa capitalización, xa que teñen que seguir tirando do desemprego?

Que novas circunstancias concorreron para, meses despois de coñecer o número e características dos proxectos a avaliar, non se puidese resolver no prazo ampliado, sendo necesario adiar o prazo máximo de resolución?

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Ramón Fernández Alfonso

Noa Presas Bergantiños

Daniel Pérez López

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 07/10/2021 17:57:01

Ramón Fernández Alfonzo na data 07/10/2021 17:57:04

Daniel Pérez López na data 07/10/2021 17:57:14

Noa Presas Bergantiños na data 07/10/2021 17:57:27



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

